



***CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A
FUNDACIÓN CURROS ENRIQUEZ PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES
ARREDOR DA OBRA DE CURROS ENRIQUEZ.***

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar convenio coa FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ, por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A realización de programación culturais que teñen como eixo central a divulgación e promoción da obra de Curros Enríquez, tales como; roteiros, xornadas de convivencia, viaxe cultural a espazos literarios, premio “Celanova, casa dos poetas”, ludotecas, presentación de libros e audiovisuais, exposicións e visitas teatralizadas polo mosteiro de Celanova.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a Fundación Curros Enríquez é a que ten entre os seus fins a promoción e difusión da obra de Curros Enríquez e o estudo dos espectos mais innovadores da mesma.

Polo que a Fundación Curros Enríquez, é a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterio obxectivos, así coma o de beneficiario da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 2 de xuño de 2016.

(asinado dixitalmente)

